

Nota de Prensa

ANPE GALICIA RECLAMA UNHA AMPLA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOCENTE EN 2020.

ANPE, ante a inminente negociación dos presupostos do próximo ano en Galicia solicita, para 2020, unha importante convocatoria de prazas nas oposicións docentes na nosa comunidade autónoma xa que non é posible afrontar o mesmo ou superior volume de traballo nos centros cunhas plantillas cada vez máis mermadas.

Desde **ANPE-GALICIA** instamos á Administración a aprobar unha “ampla e suficiente” oferta de emprego público no ámbito da educación, como xa se está facendo noutras comunidades, *co fin de aumentar a dotación de recursos humanos como factor esencial de calidade para lograr a mellora do rendemento escolar e a diminución da taxa de abandono escolar.*

A convocatoria de oposicións de 2020 debe posibilitar o ingreso dos xoves titulados e dos interinos e substitutos á docencia mediante un emprego estable como funcionarios. Nunha situación de desemprego e de crise, **ANPE** esixe unha aposta por un ensino público de calidade, xa que é a mellor inversión que as Administracións poden facer para intentar saír da mesma.

Reclamamos tamén, desde **ANPE**, [un rápido pronunciamento sobre a oferta de emprego de 2020 tanto en número de prazas como en especialidades a ofertar.](#) Son moitos miles de opositores os que están pendentes de coñecela o antes posible co fin de clarificar o seu futuro laboral máis inmediato iniciando unha preparación eficiente e eficaz.